

Indignación na afección do Celta por acoller a sede do club un acto do PP a favor da unidade de España

SERMOS GALIZA :: 12/02/2019

Indignación entre la afición del Celta por la utilización de la sede del club por el PP para defender "la unidad de España"

Seareiros e seareiras, socios e socias e peñas manifestaron nas redes sociais o seu malestar co feito de que o Salón Regio da sede oficial do RC Celta albergue esta quinta feira un mitin españolista de Pablo Casado e Alberto Núñez Feixoo.

ETIQUETAS:RC CELTA A SEDE ACTO DO PPCOMPARTIRDifundirBelvís

"Vergoña", "noxo", "danme ganas de darme de baixa como socio", "lamentábel", "patético"... Estes son apenas uns exemplos da manchea de opinións e críticas de afeccionadas e afeccionados celtistas que nas últimas horas corren polas redes sociais após se coñecer que **a sede do RC Celta** vai acoller esta quinta feira, 14 de febreiro, un **acto do PP**. En concreto, un acto no que participarán o presidente do partido español **Pablo Casado** e o presidente da Xunta **Núñez Feixoo** para defender "a unidade de España".

Pode a sede oficial dun club de fútbol ser escenario para que un determinado partido político faga o seu discurso, embora sexa nun recinto que se alugue para actos externos? Esta é unha das preguntas que circula pola rede. Outra interrogante que corre polas redes sociais é como pode ser que un club fundado en 1923 coa intención clara (plasmadas desde as cores elixidas até o nome) de **representar a Galiza** poida acoller un discurso que encobre unha centralización que asolaga esa esa identidade? Mesmo hai quen afirma que o acto desta quinta feira é antagónico co espírito dun club como o Celta, plasmado en feitos como que en 1977 os seus xogadores saltaran ao campo de Balaídos **portando unha gran bandeira galega** para reivindicar o dereito de Galiza a se autogobernar.

"Vergoña absoluta, Mouriño arrastrando o nome do RCCelta", lamentaba un seareiro. Desde peñas como Centolos Celestes escribían: "En fin, que **pouco sentidiño** temos para algunhas cousas... #XaSonGañasDeMontala". "Menudo xeito de **arrastrar o escudo**", denunciaba un afeccionado, e non faltaba quen apuntaba a través das redes sociais a necesidade de organizar unha "resposta" a ese acto con proposta de lema incluído ("**Fachas fóra sempre**"). "**Mouriño dimisión**" foi outra das demandas estendidas nestas horas. Porén, outras voves apuntan a que ese recinto pode ser alugado para actos e **eventos externos**.

<https://galiza.lahaine.org/indignacion-na-afeccion-do-celta>